



Orzamento
51.861,43€

Data de execución
2011-2014

Financiamento
Concello de Porto do Son

EQUIPAMENTO NAS CASAS DE CULTURA

Co obxectivo de mellorar os equipamentos dos edificios culturais do concello, acometéronse as seguintes inversións:

No ano 2011 mercouse mobiliario por un valor de 17.987,68€ para as aulas e para o salón de actos da Casa de Cultura de Xuño.

Durante o 2012 mercáronse estores e equipos informáticos para a Casa de Cultura de Xuño por un importe de 9.492,78€.

No ano 2013 completouse a inversión na Casa de Cultura de Xuño cun sistema de pendurado de cadros e cos equipos de imaxe e son do salón de actos.

No resto de Casas de Cultura renováronse os equipos informáticos. A inversión foi de 16.686,74€.

A renovación de equipos informáticos das Casas de Cultura continuou no ano 2014 cunha aportación municipal de 7.694,23€.

